




Arquivo da Fundación Penzol

Anverso e reverso dunha foto de Otero Pedraio e Gómez Román na rúa do Vilar en Santiago de Compostela.

—Análise

Gómez Román: o arquitecto comprometido



Aurelia Balseiro García
Directora do Museo Provincial de Lugo

Vitrubio no século I a.n.e. equiparou a arquitectura, daquela, con outras profesións nobres como a oratoria e as leis. Ademais, estableceu os coñecidos principios da *firmitas, utilitas et venustas* (resistencia, utilidade e beleza) como bases fundamentais desa disciplina. Pois ben, a obra do arquitecto vigués Manuel Gómez Román (1875-1964), que cómpre lembrar agora cando se fan sesenta anos do seu pasamento, adáptase perfectamente aos preceptos vitruvianos sendo tamén un grande expoñente da arquitectura rexionalista galega.

O seu carácter inconformista motivou que abandonara a carreira para traballar na construción e nas clases de debuxo, ata que, influenciado polo seu mentor, Antonio Palacios, rematouna con 41 anos. Tivo unha vida intensa fundamentada no galeguismo militante en todas as esferas da súa polifacética personalidade: a política, a cultura, a arte... En xeral, o activismo sociocultural formaba parte indisoluble do seu quefacer cotiá e traballando como arquitecto facía país, incluso nos aciagos tempos da guerra e posguerra española cando continuou na clandestinade do Partido Galeguista. Exemplos do seu compromiso son os cargos exercidos na Editorial Galaxia, Fundación Penzol, Padroado da Casa Rosalía, como membro do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega ou, incluso, na constitución da efeméride do Día das Letras Galegas. Compartía ideario co seu amplo círculo de amizades; Otero Pedraio, Castelao, os grandes mecenas lucenses Antonio e Xosé Fernández López ou Álvaro Gil Varela. Estes persoeiros tíñano sempre presente tanto pola coincidencia ideolóxica como para os seus proxectos arquitectónicos, que no caso dos últimos, debido a súa solvencia económica empresarial e persoal, foron bastantes.

> — O seu sentido de pertenza levouno a seguir unha arquitectura que, sen renunciar ás técnicas modernas, continuaba a esencia tradicional nos materiais

Certamente, os principios da arquitectura rexionalista ían á par coa súas profundas convicción postulando "a soberanía estética" nos seus proxectos, é dicir, as especifidades dunha arte galega, en aspectos relativos á iconografía pétrea, á simpatía polo barroco compostelán, aos materiais da terra, o aprecio pola tradición canteira, ou ao xeito de renovar a arquitectura galega mirando sempre os modelos históricos existentes, tal como facían as vangardas artísticas galegas do primeiro terzo do s. XX, misturando tradición e modernidade, nese movemento renovador que abranguía tantas manifestacións socioculturais, ao abeiro da Xeración Nós, as Irmandades da Fala ou o Seminario de Estudos Galegos.

Identidade nacional

Hai pegadas dos seus proxectos arquitectónicos en toda Galicia, por suposto, máis en Vigo, onde naceu e morreu, pero tamén na cidade de Lugo. A través da súa amizade cos citados fillos de Antón de Marcos e con Gil Varela, deixou impronta no edificio do Museo Provincial de Lugo rehabilitando o antigo convento franciscano, nas residencias particulares de Antonio Fernández López e na de Álvaro Gil Varela (nos anos 50), no colexio Fingoi (1947), no "palacete" dos Somoza, tamén chamado de Santo Domingo (1925) que fora concebido como Gran Hotel, ou no complexo industrial de Frigsa (1957). Encargos adaptados ás necesidades e funcións actuais, pero cunha estética de seu que, seguindo a clásica tríada vitruviana, tamén eran un expoñente desa arquitectura rexionalista. Esta corrente imperante en Galicia nas primeiras décadas do século pasado promovía a identidade rexional a través dunha linguaxe principalmente barroca, mais tamén lembraba os pazos galegos e o románico popular para a reivindicación arquitectónica autóctona. Os elementos ornamentais neobarrocos das fachadas dos seus edificios configuraban loables resultados que dialogan tanto coa nosa cultura e tradicións como coas novas contxencias e obrigas das edificacións. Producen efectos de monumentalidade ao ter en conta o eclecticismo histórico, dando moita importancia ás fachadas: reenmarcados de ocos, beirados e cornixas decoradas, frontes destacadas, etc., que lembran a máxima de Brancusi da arquitectura como escultura habitada.

Gómez Román foi un exemplo de creatividade e compromiso, o seu sentido de pertenza levouno a seguir unha arquitectura que, sen renunciar ás técnicas modernas, continuaba a esencia tradicional nos materiais, en especial o uso do granito, e na solidez das formas, coa idea de adoptar unha identidade nacional coa que estaban en consonancia intelectuais da época como Castelao cando dicía:

"As artes da construción callaron en Galiza no estilo románico que perdurou por riba do gótico, deica enlazarse co barroco... pero do barroco fixemos un estilo nacional. Porque tendes que saber que hai un barroco galego, e que, neste estilo, creamos exemplares que son fitos da historia da arte".

Realmente, como arquitecto comprometido, consideraba que un significante arquitectónico tiña moito significado: transmitía unha mensaxe.